

VIETNAM: autorización dos importes da compensación económica a percibir pola “Asociación para el Cuidado de la Infancia-ACI” para a tramitación de expedientes de adopción internacional en Vietnam pendentes de asignación

Mediante a resolución do 21 de novembro de 2012, a Secretaria Xeral de Política Social aprobou os custos de intermediación que ACI está autorizada a percibir adicionalmente das persoas solicitantes de adopción internacional con expediente de adopción internacional remitido a Vietnam pendentes de asignación.

A ECAI “Asociación para el Cuidado de la Infancia-ACI” poderá cobrar adicionalmente ás familias con expediente de adopción internacional pendentes de asignación en Vietnam polos seguintes conceptos:

- **Taxas de rexistro: 9.000.000 dongs**, equivalentes a 340,21 € segundo a taxa de cambio vixente o 21/11/2012.

No caso da adopción de varios irmáns, a taxa de rexistro reducirase nun 50% a partir da ou do segundo menor.

- **Taxas de tramitación: 50.000.000 dongs**, equivalentes a 1.890,07 € segundo a taxa de cambio vixente o 21/11/2012.

Nas adopcións de menores con discapacidades ou enfermidades graves as familias adoptantes quedarán exentas da taxa de tramitación.

- Custos de tradución, legalización e envío da nova documentación necesaria para tramitar o expediente conforme á nova normativa, que serán adequadamente xustificados pola ECAI e aboados polas persoas solicitantes como provisión de fondos. Estes custos liquidaranse unha vez finalice ou se resolva o contrato, se fose o caso, debendo xustificarse documentalmente a súa realización e custo.

En todo o non previsto nos puntos anteriores continúan vixentes os custos de intermediación aprobados mediante a resolución do 31 de xullo de 2008 e o contrato asinado entre a ECAI e as persoas solicitantes de adopción.